

## Eleccións USC 2014

### A candidatura de Juan Viaño recibe máis de cincuenta ideas para enriquecer o seu programa nun so día

- Nas primeiras 24h dende o nacemento da web [juanviano.com](http://juanviano.com) produciuse un gran movemento colectivo significado na achega de ideas e iniciativas.
- O prazo para o envío de propostas a través da rede remata o día 3 de abril.

**Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2014.** A iniciativa de “intelixencia colectiva” promovida pola candidatura encabezada por Juan Viaño ás eleccións a Reitor da Universidade de Santiago de Compostela está tendo un importante éxito na comunidade universitaria.

En tan só 24h desde a presentación da páxina web oficial, [juanviano.com](http://juanviano.com), recibíronse máis de cincuenta ideas de mellora que serán analizadas polos integrantes da candidatura xunto cos propios promotores.

Entre as ideas destaca a creación dun consorcio entre a USC e outras institucións para a creación dun xardín botánico de referencia no noroeste peninsular, ao igual que existe noutras universidades coma as de Alcalá ou Valencia, o que suporía, segundo os promotores da iniciativa, un proxecto de i+d de alto valor para a universidade compostelá.

Boa parte das iniciativas xiran ao redor do emprendemento e da transferencia de coñecemento á sociedade. Neste apartado, unha das ideas máis comentadas é a de incorporar a metodoloxía Lean Startup, que xa se consolidou a nivel mundial como unha das mellores propostas para as iniciativas emprendedoras en tempos de crise económica e financeira.

Outra das preocupacións máis importantes manifestadas a través de [juanviano.com](http://juanviano.com) está relacionada co Campus Vida, especialmente no relacionado co mal estado das instalacións do Campus compostelán.

As políticas de conciliación son tamén frecuentes entre as achegas recibidas, tanto na regulación de horarios que permitan a conciliación do Profesorado e do Persoal de Administración e Servizo, como na creación de sistemas de axuda para as familias de membros da comunidade universitaria con persoas dependentes ao seu cargo.

# Juan Viano

**Candidato a reitor da USC**

Ata o vindiero 3 de abril a páxina web [juanviano.com](http://juanviano.com) recollerá todas as propostas que serán avaliadas polos membros da candidatura de cara a súa inclusión no programa definitivo de goberno.

Máis información: <http://www.juanviano.com>

Twitter: <https://twitter.com/JuanVianoReitor> | @JuanVianoReitor

Flickr: <http://www.flickr.com/photos/120918413@N04/sets>